



Os masai- Parte 2:

Os poboados masai reciben o nome de “boma” e teñen forma circular.

Están cercados por un peche de acacia cheo de espiñas para evitar o ataque dos leóns e outros animais salvaxes, e que así o gando saia sen control.



Están formados por un conxunto de chozas feitas de adobe, esterco e palla e que se chaman “manyatas”.



Os masai teñen bonitas *danzas* nas que as mulleres fan música cos seus colares e os homes dan grandes saltos. Podes ver unha no seguinte enlace.




https://youtu.be/fL_Pey4atoBg

Estrutura social dos masai:

- Os **nenos**: (menores de 15 anos), a súa función vixiar o gando.
- Os **guerreiros**: entre os 15 e os 30 anos. Antigamente encargábanse de defender o territorio pero hoxe en día ocúpanse das tarefas máis difíciles: pastoreo, caza e exhibicións de valor.

- **Os anciáns:** son os responsables de manter a orde no poboado. Toman as decisións importantes, de forma igualitaria e reunidos en consello.

O peso ritual e relixioso da sociedade o exerce un ancián (**laibon**), e incluso se lle atribúen poderes adiviñatorios.



En canto ás **mulleres**, están sometidas ao dominio do home, xa que son unha sociedade patriarcal. A súa función é o coidado dos fillos e manter o fogar.

As **familias** masai están formadas por *un home*, que é a figura máis importante da casa, *varias mulleres*, xa que está permitida a poligamia (o home pode ter máis dunha esposa) sempre que sexa o suficientemente rico para mantelas, e *todos os fillos* que o home teña coas súas esposas. Ter moitas mulleres é símbolo de poder.


No momento en que se casan, a muller pasa a ser propiedade do home.

As nais masai levan aos seus bebés ás costas, atados cunha tea, como se fose unha mochila. Como en África vai moito calor, levan o pelo rapado.



Para converterse oficialmente en homes, os rapaces novos tiñan que pasar un rito de iniciación como proba da súa hombría, e que consistía en cazar un león coas súas propias mans. Na actualidade debido a que os leóns están en risco de extinción fan unha demostración de como o farían.

✚ Rodea as letras da palabra BOMA. Despois cópiaa.



B	O	M	A
---	---	---	---

--	--	--	--

✚ Completa coas letras que faltan:

B

M

O

A



B

A


Une a cada rapaz coa súa vivenda.



AXUDA A MUGI A CHEGAR AO SEU POBOADO






ARRODEA OS EŠCUDOS QUE SON IGUAIS AO MODELO.





"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

UNE OS ESCUDOS IGUAIS



“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

BUSCA NO CADRO A IMAXE DA CHOZA MAŠAI E COLOREÁAA.









"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón


FAI CONXUNTOS DE 2 E DE 3 LANZAS.




COLOREA EN CADA CASO A LANZA MÁIS CURTA DE AMARELO E A MÁIS LONGA DE AZUL.



ARRODEA DE AMARELO AS CHOZAS GRANDES E DE VERDE AS PEQUENAS.



COLOREA AO TEU GUSTO



© CanStockPhoto.com - csp63083618

“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

Proposta: FACEMOS O NOSO PROPIO ESCUDO MASAÍ

Que vós parecería facer o noso propio escudo Masaí?... déixovos unha foto que vos para que vos sirva de inspiración. Se ao final vós atrevedes, animádevos a mandarme a foto!



"Trouleando polo Mundo", proxecto da Aula Marrón